

REGULAMENTO DO USO E PRÉSTAMO DO MATERIAL INFORMÁTICO DA FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. *Obxectivo*

1.1. O obxectivo deste regulamento é establecer as condicións de uso dos equipos informáticos dos que dispón a Facultade de ADE de Lugo, así como establecer as condicións de préstamo ó alumnado e persoal da Facultade.

1.2. Os equipos obxecto deste regulamento destinaranse única e exclusivamente a usos e finalidades académicas para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, así como o labor docente e investigador e de xestión do persoal da Facultade.

2. *Equipos e materiais obxecto de uso e préstamo*

2.1. Os equipos informáticos dos que se dispón para o uso e préstamo polo alumnado e persoal da Facultade son os que se relacionan no Anexo 1, e que poderán modificarse pola adquisición de novos equipos ou baixa dos existentes. Neste material inclúense ordenadores e tabletas gráficas (estas últimas de uso exclusivo para o persoal docente).

2.2. Os equipos inclúen unha serie de accesorios como bolsa de transporte, cable de conexión a rede eléctrica, rato ou lapis que deberán ser devoltos conxuntamente co equipo.

2.3. Cómpre ter en conta que dado que o uso persoal límitase ó período establecido, toda a información persoal gardada nos equipos deberá ser eliminada antes da súa devolución. Do mesmo xeito, todos os programas informáticos que podan ser instalados, e os datos asociados ós mesmos deberán eliminarse. A Facultade non se fará responsable das perdas de información que este procedemento poida causar.

2.4. En caso de avaría ou mal funcionamento dos equipos, deberá avisarse á conserxería o antes posible. Non se poderán facer reparacións ou modificacións dos equipos por conta propia.

3. *Condicións xerais para o uso dos equipos na Facultade.*

3.1. Para o uso destes equipos na Facultade, os usuarios deberán facer unha reserva dos mesmos a través dun formulario online no que queden rexistrados os seus datos persoais e a data de uso do equipo.

3.2. Poderán facer uso destes equipos o alumnado da Facultade (entendendo como tal todo/a estudante matriculado/a nunha das titulacións oficiais que se imparten na Facultade), así como aqueles/as alumnos/as de intercambio adscritos/as á mesma. Do mesmo xeito,

poderán facer uso dos equipos, o persoal adscrito á Facultade que realice labores docentes, de xestión ou investigación na Facultade.

3.3. A cesión do uso farase no mesmo día que se solicite e por rigoroso orde de solicitude tendo en conta a dispoñibilidade de equipos para o colectivo de alumnos e de profesorado/persoal. O equipo deberá devolverse o mesmo día que se retirou.

3.4. Os equipos só se poderán utilizar no centro e o usuario farase responsable do uso do mesmo e deberá gardalo e conservalo para devolvelo nas mesmas condicións que no momento de retiralo.

3.5. A retirada do equipo realizarase na Conserxería, e será necesaria a identificación do usuario coa tarxeta universitaria, sendo esta cesión de carácter persoal e intransferible. O equipo deberá ser devolto polo usuario responsable que o solicitou.

3.6. A devolución do equipo deberá facerse como mínimo 30 minutos antes do peche das instalacións, coa suficiente antelación para que o persoal de conserxería poda comprobar o seu estado e poder proceder á súa limpeza.

4. Condicións xerais para o préstamo dos equipos.

4.1. Para o préstamo a domicilio destes equipos, os usuarios deberán facer unha reserva dos mesmos a través dun formulario online no que queden rexistrados os seus datos persoais, e as datas de préstamo do equipo, o obxecto do préstamo, e a xustificación da necesidade do equipamento.

4.2. Poderán facer uso destes equipos o persoal adscrito a Facultade que realice labores docentes, de xestión ou investigación na Facultade, así como os profesores ou investigadores visitantes, debidamente inscritos no Rexistro de Investigadores Visitantes da USC que precisen un ordenador durante a súa estadía.

4.3. As solicitudes de préstamo de xeito ordinario non poderán superar os cinco días hábiles. O préstamo de equipos farase por rigoroso orde de solicitude tendo en conta a dispoñibilidade de equipos para o préstamo para o colectivo de alumnos e de profesorado/persoal. As peticións de equipamento por unha duración superior á prevista neste apartado deberán estar debidamente xustificadas, e serán resoltas polo/a Decano/a.

4.4. O usuario faise responsable do uso do mesmo e deberá gardalo e conservalo para devolvelo nas mesmas condicións que no momento de retiralo.

4.5. A retirada do equipo realizarase na Conserxería, e será necesaria a identificación do usuario coa tarxeta universitaria, sendo esta cesión de carácter persoal e intransferible. O equipo deberá ser devolto polo usuario responsable que o solicitou.

4.6. A devolución do equipo deberá facerse na data establecida, 30 minutos antes do peche das instalacións, coa suficiente antelación para que o persoal de conserxería poda comprobar o seu estado.

4.7. No caso de profesores ou investigadores invitados e debidamente rexistrados no Rexistro de Investigadores Visitantes, que precisen dun ordenador durante a súa estancia, será o profesor do centro responsable da estadía o que se encargue da reserva do mesmo. As condicións de uso serán similares ás establecidas para o resto do persoal da Facultade.

ANEXO I

RELACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS DA FACULTADE DE ADE DISPOÑIBLES PARA O SEU PRÉSTAMO AO ALUMNADO E PERSOAL

PROFESORADO

DESCRIPCIÓN	PROCESADOR	RAM	SSD	HD	CANTIDADE	OBSERVACIÓNS
Lenovo Thinkpad 14" T490S	i7 8565U		16	512	-	4
Asus ROG 15.6" G15 G512LV-HN090	i7 10750		16	1024	-	6
Lenovo Ideapad S340-15IWL	i3 8145U		8	512	-	6 EQUIPOS DIRIXIDOS PARA AULAS DE DOCENCIA CON CÁMARAS (VICEDECANATO)
	TOTAL					16
TABLET X-PEN 12 PRO						6 EQUIPOS DIRIXIDOS PARA AULAS DE DOCENCIA CON CÁMARAS
	TOTAL					6

ALUMNADO

DESCRIPCIÓN	PROCESADOR	RAM	SSD	HD	CANTIDADE	OBSERVACIÓNS
Acer N15Q1	i5 6200U		4	-	500	4
HP Probook 4610s	Core 2 Duo T6570		4	-	320	1
Acer Travelmate 5760	i3 2310M		4	-	500	3
HP Pavillion g6	i3 2350M		4	-	500	1
	TOTAL					9